



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CEE

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización do dominio público no aparcamento municipal do Centro comercial Finis Terrae. Expediente nº 2025/G016/000002

ANUNCIO

O Pleno do Concello de Cee, na sesión ordinaria realizada o día 31 de outubro de 2025, acordou aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización do dominio público no aparcamento municipal do Centro comercial Finis Terrae.

Expediente nº 2025/G016/000002.

O acordo da aprobación provisional someteuse ao trámite de información pública e audiencia das persoas interesadas, con publicación no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello polo prazo de trinta días hábiles, para que os interesados puidesen examinar o expediente e presentar reclamacións ou suxestións.

Debido a que non se presentaron reclamacións nin suxestións durante o período de exposición pública considérase que o acordo é definitivo, sen necesidade de acordo expreso polo Pleno da Corporación, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Publícase, a seguir, o texto completo da Ordenanza fiscal modificada, reguladora da taxa por utilización do dominio público no aparcamento municipal do Centro comercial Finis Terrae, para os efectos da súa entrada en vigor:

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA MUNICIPAL POR UTILIZACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO NO APARCAMENTO MUNICIPAL DO CENTRO COMERCIAL FINISTERRAE.

Artigo 1º. Feito Impoñible.

Constitúe o feito imoñible desta Taxa o aparcamento de vehículos tracción mecánica no aparcamento subterráneo municipal situado no Centro Comercial Finisterrae.

Artigo 2º. Suxeito Pasivo

Son suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Ley General Tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas pola utilización do aparcamento municipal.

No caso de prazas utilizadas por hoteis, establecementos comerciais etc. Son suxeitos pasivos os propietarios de ditos establecementos

No caso de abandono do vehículo será substituído do contribuínte o propietario do mesmo.

Artigo 3º. Responsables

Serán responsables solidarios das obrigacións tributarias do suxeitos pasivos, as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Ley General Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos e os interventores ou liquidadores na quebra, concursos, sociedades e entidades en xeral, e nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Ley General Tributaria.

Artigo 4º. Cota Tributaria

A cota tributaria consistirá nunha cantidade resultante de aplicar as seguintes tarifas:

- a)Prezo: 0,0267 euros por minuto.
- b)Prezo hora: 1,60 €
- c)Perda do ticket: 8,20 euros.
- d)Dia completo: 20,00 €

e) Abono mensual: 55 euros. Si existe máis dunha praza a nome do mesmo titular, o prezo será de 50 euros mensuais para as seguintes prazas.

f) Abono anual 550 €

Artigo 5º Exencións

Non se contemplan outras exencións que as previstas nas leis ou convenios internacionais vixentes.

Artigo 6º Devengo

Esta taxa se devenga por cada utilización do dominio público no momento no que este remata e de acordo cas normas de xestión enumeradas no artigo seguinte.

Artigo 7º Normas de xestión

O prezo será cobrado cando se aplique a tarifa horaria no propio parking mediante a aplicación dos procedementos técnicos adecuados que permitan a emisión de tickets.

O ingreso da recadación será abonado na Caixa Municipal ca periodicidade que estableza a Tesourería Municipal.

Os bonos anuais e mensuais, deberán ser autorizados previa petición, polo Sr. Alcalde. En ningún caso as prazas ocupadas deste xeitos (mediante bonos mensuais ou anuais) poden superar as 15 prazas sen prexuízo de acordos posteriores. O pago do bonos mensuais e anuais, serán liquidados pola Tesourería Municipal unha vez presentadas as solicitudes.

Artigo 8º Infraccións e sancións

Nesta materia estarase ó disposto na Ley General Tributaria e normas de desenrolo.

Artigo 9º Lexislación aplicable

No previsto nesta Ordenanza estarase ó disposto na RDL 2/2004 reguladora das Haciendas Locales, Ley General Presupuestaria, Ley General Tributaria e demais disposicións que resulten de aplicación.

Disposición final

Esta Ordenanza entrará en vigor o día 1 de xaneiro do 2026, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

En Cee, o 24 de decembro de 2025

Alcaldesa do Concello de Cee

Margarita Lamela Louzán

2025/8639